

TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO Artístico.

“There is a heart in my hat” Taller de chapeus ao estilo Ascot.

1.- IDENTIFICACIÓN	
TÍTULO DA TAREFA: – “There is a heart in my hat” – Royal Ascot Hats: Exploring British culture	
ETAPA: PRIMARIA	NIVEIS: 3º E 4º
ÁMBITO / ÁREAS: Ed. Artística (plurilingüe)	PROFESORADO: Malena Casal
DESCRIPCIÓN DA TAREFA: Realización dun chapeu ao estilo Ascot no que se inclúa un corazón.	
XUSTIFICACIÓN: A elaboración de chapeus ao estilo Ascot ofrece unha oportunidade única para integrar contidos artísticos e culturais nun contexto plurilingüe. Esta actividade non só fomenta a creatividade e habilidades plásticas, senón que tamén introduce aos estudantes na rica tradición cultural dos chapeus en eventos como as carreiras de Ascot, que é parte importante da cultura inglesa. Ademais, introduciremos o elemento do corazón nos deseños para segundo o PDI do colexio.	
CONTEXTO: Este taller levarase a cabo na Aula de Plástica durante unha xornada lectiva de 5 horas cos seus correspondentes descansos (merenda, recreo, hora de ler). O alumnado estará distribuído en 5 mesas de 4 alumnos. Os agrupamentos serán heteroxéneos con alumnado de 3º e 4º de E.P.	

2. CONCRECIÓN CURRICULAR

ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN “Que é Ascot	<p>CA1.1. Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.</p> <p>CA1.3. Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.</p> <p>CA1.4. Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.</p> <p>CA1.5. Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.</p>	Observación directa
2.- PLANIFICACIÓN: Deseño de moda.	<p>CA2.3. Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.</p> <p>CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.</p>	Rúbrica
3.- Creación de Chapeus ao	<p>CA2.6. Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e</p>	Rúbrica

Estilo Ascot	emocións dos demais.	
4.- EXPOSICIÓN DO TRABALLO: Pasarela "Ascot Race"	<p>CA1.2. Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.</p> <p>CA2.5. Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.</p>	Observación directa.

CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA
<ul style="list-style-type: none"> • Breve introdución á historia dos chapeus na cultura inglesa. • Vocabulario en inglés relacionado coa moda e os chapeus. • Técnicas de deseño e decoración de chapeus. • Respecto polas opinións e contribucións dos demais. • Recoñecemento da diversidade cultural.

ACTIVIDADE	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3
INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN “Que é Ascot?”	Busca de información por grupos e posta en común.	Actividade de vocabulario en inglés relacionado coa moda e os chapeus.	Presentación do proxecto e obxectivos.
PLANIFICACIÓN: Deseño de moda.	Explicación de técnicas básicas de deseño de moda. Integración de vocabulario en inglés durante a mesma (cores, formas, materiais).	Bosquexo e deseño dos chapeus.	Lista de materiais que se precisan e comprobación de que están dispoñibles.
Creación de Chapeus ao Estilo Ascot.	Toma de medidas e elaboración da base do chapeu.	Decoración do chapeu.	
EXPOSICIÓN DO TRABALLO: Pasarela “Ascot Race”	Exposición dos chapeus creados a través dunha dramatización simulando a Ascot Race: saudarse e conversar en parellas describindo o seu sombreiro (en inglés).	Reflexión grupal sobre o proceso creativo e a conexión coa cultura inglesa.	

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA				
ACTIVIDADES	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Busca de información "Que é Ascot?"	Aula de Plástica	Grupos de 4	1 ordenador por grupo.	30-40 minutos
PLANIFICACIÓN: Deseño de moda.	Aula de Plástica	Grupos de 4 / Traballo individual	Bloc de debuxo / folios. Lapis, goma, ceras de cores.	40-50 minutos
Creación de Chapeus ao Estilo Ascot	Aula de Plástica	Grupos de 4 / Traballo individual	Cartolinas, papeis de cores, feltro... Variedade de materiais de adorno: pompóns, plumas, cintas de cores, botóns, etc.	120-130 minutos
EXPOSICIÓN DO TRABALLO: Pasarela "Ascot Race"	Aula de Plástica	Parellas		30-40 minutos
ACTIVIDADE DE AMPLIACIÓN Realización da teatralización para a exposición dos chapeus en inglés, utilizando vocabulario básico en lingua inglesa.	AULA DE PLÁSTICA	GRUPOS		Actividade a realizar polos grupos que remataron as tarefas en menor tempo do establecido.

ACTIVIDADE DE REFORZO compañamento na realización da tarefa, redución da complexidade nas técnicas plástica utilizadas, e aportaranse plantillas como modelo	AULA DE PLÁSTICA	GRUPAL		Actividade a realizar por aquel alumnado que presenta dificultades para o desenvolvemento da tarefa.
--	-------------------------	---------------	--	--

5.-AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ENSINANZA-APRENDIZAXE)	ESCALA DE VALORACIÓN REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA	Como?: Mediante a observación directa e sistemática. Quen?: A mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen. Cando?: Ao remate de cada xornada de ámbito, recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel nunha reunión de avaliación de ámbito final. Farase fincapé nos aspectos positivos.

PRÁCTICA DOCENTE	FICHA RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	<p>Como?: Cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen?: A mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.</p> <p>Cando?: Ao remate de cada xornada de ámbito, recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbito final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos</p>
------------------	--------------------------------	--

Rúbrica: Deseño e Realización dun Sombrero ao Estilo Ascot

Criterios	Excelente (4)	Bo (3)	Suficiente (2)	Insuficiente (1)
Creatividade e Orixinalidade	O deseño é altamente creativo e mostra orixinalidade.	O deseño é creativo e mostra certa orixinalidade.	O deseño é básico e ten elementos comúns.	Falta de creatividade e orixinalidade no deseño.
Destreza Técnica	Evidénciase un alto nivel de habilidade na realización do sombrero. Os detalles técnicos están ben executados.	A realización do sombrero. demostra habilidade técnica. Algúns detalles poderían mellorarse.	A destreza técnica é básica e podería mellorarse en varios aspectos.	A falta de habilidade técnica é evidente na execución do sombrero.
Presentación Xeral	A presentación do sombrero. é impecable, mostrando atención ao detalle na exhibición do traballo final.	A presentación xeral é boa, pero podería mellorarse en algúns aspectos para unha presentación máis impactante.	A presentación é básica e cumpre cos requisitos mínimos.	A presentación é descoidada e non reflicte un esforzo na exhibición do traballo final.

Comentarios adicionais: (Facilita comentarios específicos sobre o rendemento do estudante, destacando áreas de fortaleza e oportunidades de mellora).

CRITERIOS E CONTIDOS – RÚBRICA

Traballo en equipo, organización e adquisición das aprendizaxes

ITEMS		4	3	2	1	CRITERIOS DE AV.	
TRABALLO EN EQUIPO	A.	ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes as súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.	LG 4º: CA2.5 LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA1.5 , CA2.6
	B.	PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	CCNN 3º e 4º: CA4.5 , CA4.2 M 3º e 4º: CA2.1 , CA3.1 , CA6.4 EPV: 3º e 4º: CA2.3 e 2.4
	C.	PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuosa e non invasiva.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG 3º e 4º: CA2.8 LC 3º e 4º: CA2.8 EPV 3º e 4º: CA2.3 e 2.4
	D.	RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéñ nas quendas doutras persoas.	LG 4º: CA2.5 LC 3º e 4º: CA2.4 , CA2.5 EPV 3º e 4º: CA1.5 , CA2.6
ORGANIZACIÓN	E.	ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso a paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	PC 3º e 4º: CA1.1 , CA1.2 , CA1.4 , CA1.5 , CA2.1 CCNN 4º e 3º: CA4.3 EPV 3º e 4º: CA2.3

COMPRENSIÓN, EXPRESIÓN E AQUISIÇÃO DAS APRENDIZAXES	F.	É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir destes.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	CCNN 3º e 4º: CA2.2 , CA1.1 , CA1.2 , CA1.3 , CA1.4 EPV 3º e 4º: CA1.1
	G.	É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender un texto escrito e un oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dun texto escrito e un oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de comprender un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA2.1 , CA4.1 , CA4.2 LC 3º e 4º: CA2.1 , CA4.1 , CA4.2 EPV 3º e 4º: CA1.3
	H.	É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO ORAL	É quen de producir un texto escrito e un oral coherente, axeitado comunicativamente e planificado.	É quen de producir un texto escrito e un oral, case sen apoio, coherente e axeitado comunicativamente.	É quen de producir un texto escrito con apoio docente e un oral sen apoio.	Non é quen de producir un texto escrito e mostra dificultades cun oral.	LG 3º e 4º: CA3.7 LC 3º e 4º: CA3.7 EPV 3º e 4º: CA1.2

DESEÑO DA TAREFA -ficha de recollida de información

A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.	SI	NON
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		

Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación foron prácticos e eficaces.		
Os recursos empregados foron axeitados á tarefa planificada. A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

Avaliación da PRÁCTICA DOCENTE–LISTA DE COTEXTO

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguiuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		

Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Responduse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		